



## Concello de Xermade

### ANUNCIO

#### Asunto: aprobación das bases e a convocatoria do I CERTAME “Xermadeando pola igualdade”

A Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade, na sesión ordinaria celebrada o 03/04/2024 aprobou as bases e a convocatoria do I Certame “Xermadeando pola igualdade”, que se transcriben integramente:

#### **“BASES DO I CERTAME “Xermadeando pola igualdade”**

*O Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Xermade 2024-2026 foi aprobado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o 9 de novembro de 2023 e publicado no BOP nº 262 o 15/11/2023. Na área 2 “Educación e conciliación familiar” establece unha liña de axudas destinadas ao alumnado do CEIP Xermade para certames literarios con motivo do Día das Letras Galegas ou Nadal, entre outros, a fin de fomentar a creación artística (literatura ou debuxo).*

*O Concello de Xermade convida a todo o alumnado do CEIP de Xermade a participar nun certame de creación artística escrita e gráfica. Aqueles alumnos e alumnas que queiran participar deben seguir as presentes bases do concurso:*

#### **Primeira.- Categorías**

*Poderán concorrer ao certame o alumnado matriculado no CEIP Plurilingüe de Xermade durante o curso 2023/2024. As categorías serán:*

- *Categoría A: Alumnado de Infantil e 1º e 2º de Primaria.*
- *Categoría B: Alumnado de 2º, 3º e 4º de Primaria*
- *Categoría C: Alumnado 5º e 6º de Primaria.*

#### **Segunda. Temática.**

*O tema do concurso baseará sobre os seres mitolóxicos desde unha perspectiva da igualdade, fomentando a busca da ruptura de estereotipos e transmutando os mitos que contribúen o mantemento de valores patriarcais e ó reparto dos roles de xénero. Cada categoría terá unha modalidade:*

- *Categoría A: Creación dun debuxo.*
- *Categorías B e C: Creación dun conto, en lingua galega.*

#### **Terceira.- Formato.**

*Os traballos deben ser inéditos e orixinais, presentados nun folio de tamaño DIN A4, sen utilizar medios dixitais para a súa realización. Entregaranse só co título, sen ningunha identificación persoal.*

#### **Cuarta.- Recepción.**

*A entrega dos traballos será presencial, na Biblioteca Municipal de Xermade, ata o 14 de xuño, achegando unha copia das cualificacións do curso 2023/2024 ou calquera outra documentación acreditativa, a efectos de certificar que o alumno/a está matriculado no centro.*





## Concello de Xermade

---

### **Quinta.- Premios**

*Todo o alumnado participante recibirá un vale por 30 € no momento da entrega do traballo para material escolar.*

*O importe global dos premios ascende a dous mil trinta e cinco euros (2.035,00.-), para os que existe crédito na aplicación orzamentaria 321 489 do vixente Orzamento municipal 2024 do Concello de Xermade.*

*De entre os traballos entregados, escolleranse tres premios por cada categoría, que recibirán os seguintes premios:*

*- Categoría A:*

*1º Premio: vale para material escolar por valor de 50 €*

*2º Premio: vale para material escolar por valor de 30 €*

*3º Premio: vale para material escolar por valor de 25 €*

*- Categorias B e C*

*1º Premio: vale para material escolar por valor de 75 €*

*2º Premio: vale para material escolar por valor de 55 €*

*3º Premio: vale para material escolar por valor de 40 €*

### **Sexta.- Xurado.**

*O xurado estará formado por cinco persoas:*

*Presidente: Don Roberto García Pernas, alcalde do Concello de Xermade*

*Vogais:*

*1º Dona Nélica Coira Pena, Concelleira de Benestar social, Igualdade e Participación Cidadá do Concello de Xermade.*

*2º Don Marcos Saavedra Blanco, Auxiliar de Biblioteca do Concello de Xermade*

*3º Don Rubén López Eiras, Director do CEIP Plurilingüe de Xermade.*

*Secretaria: Dona Lucía Guizán Trastoy, Educadora familiar do Concello de Xermade.*

*O fallo do xurado levarase a cabo antes do 30 de xuño de 2024.*

### **Sétima.- Participación.**

*A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sobre as que, diante de calquera dúbida, prevalecerá a resolución que adopte o xurado, por maioría simple dos seus membros.*

*O incumprimento das bases suporá a descualificación no concurso.*

*En contra das decisións do xurado non caberá ningún tipo de recurso.”*

En Xermade, a 5 de abril de 2024.

O alcalde

Roberto García Pernas

